

## **Culturgal 2015**

(palabras de Manuel Bragado no acto de apertura, 04-12-2015)

Como presidente de Culturgal douvos a máis agarimosa benvida a todas as persoas participantes neste Culturgal 2015. O medio milleiro de artistas e creadores, o cento de expositores (entre xestores, axentes culturais, cooperativas, empresas privadas, institucións públicas) e os milleiros de visitantes que agardamos (entre escolares, familias, profesionais e persoas de todas as idades) construímos cada ano este proxecto colectivo da feira das industrias culturais de Galicia. Un Culturgal que queremos de todos e todas, un Culturgal onde todos son protagonistas.

Sexan tamén as miñas primeiras palabras de gratitude para os nosos tres patrocinadores. O Concello de Pontevedra, representado por Anxos Riveiro, concelleira de Cultura, o noso agarimoso anfitrión que nos acolle por sétima vez nestas magníficas instalacións do Pazo da Cultura que ocupamos na súa totalidade. A Deputación de Pontevedra, representada pola súa presidenta Carmela Silva, que patrocina a gran exposición “Somos espazo. Simbioses entre arte e arquitectura”, comisariada por Antón Sobral e Paula Cabaleiro, que sen dúbida será outra das sorpresas de Culturgal. A Xunta de Galicia, representada polo seu conselleiro de Cultura e Educación Román Rodríguez, que por medio de AGADIC achega o seu apoio e soporte principal dende a primeira edición.

Como organizadores reiteramos o noso agradecemento a todas tres institucións, hoxe gobernadas por cores políticas distintas, mais todas as tres comprometidas con este proxecto colectivo das industriais culturais galegas que quere ser un escaparate das novidades dos sectores da nosa cultura (libro, disco, cine, teatro, cultura dixital e artesanía), mais tamén como un punto de encontro e interacción transversal dos seus profesionais e dos seus públicos. Culturgal, como a cultura e a lingua galega, é un patrimonio de todos, que a todos abraza e que a todos corresponde .

Ao longo de oito edicións, Culturgal madureceu consolidando un modelo de xestión baseado nos principios de corresponsabilidade, profesionalización, calidade, transparencia e participación. O apoio dos poderes públicos, a intensa colaboración intersectorial das cinco asociacións profesionais que formamos Culturgal, Asociación Galega de Editores (AGE), Asociación Galega de Empresas Músicas (AGEM), Escena Galega (teatro), EGANET (empresas galegas dedicadas a internet e novas tecnoloxías) e Asociación Galega de Produtoras Independentes (AGAPI), como o esforzo hercúleo, o rigor e a austeridade da xestión do evento artellado por un pequeno equipo de profesionais e persoas

voluntarias, dirixido por Xosé Aldea, son os alicerces desta feira que quere reinventarse en cada edición coa intención de sorprender aos seus públicos e ofrecerlles melloras na súa experiencia persoal.

En Culturgal apostamos pola estratexia do estorniño, esa solidariedade dos chirlosmirlos que adoitan manobrar en bandos atraendo a ollada da veciñanza das cidades. Eis a estratexia da corresponsabilidade de Culturgal, na que vimos insistindo dende hai dúas edicións, que ademais de contar coas colaboracións intersectorial e interinstitucional, procuramos a dos propios públicos no sostemento económico da feira.

Unha estratexia do estorniño moi presente neste Culturgal 2015 no que pretendimos profundizar nas liñas transversais nunha programación, na que reivindicamos a posta en valor da cultura da palabra, en todas as súas manifestacións artísticas e soportes; na ampliación dos espazos formativos e de encontro intersectorial e na renovación completa do deseño espacial da feira, coa incorporación de novos espazos como os da bebeteca e de xogo para miúdos, coa intención de facela máis atractiva e inclusiva para todos os públicos e dotar de maior visibilidade a todos os expositores. Eis o lema desta edición “Presume de Culturgal”. Somos un país que presume da súa cultura.

Remato. Convido a compartir durante estas tres intensas xornadas que temos por diante o espírito de entusiasmo e orgullo que sabemos contaxia este Culturgal en man común.